



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**  
**(ACTA NÚMERO 40)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e un de outubro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúñense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de outubro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EDICIÓN COMPLETA DA AXENDA E DO CALENDARIO INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de edición completa da axenda e do calendario institucional da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7A47QTPBZ3RTU4DVUS6UCUKM.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7A6DZCFHWPZG4LUB4FAVYOL4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7AYQDLABMDUS56YE5E55H7GI.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7AYQCZFBRNWTP25UORH3XW6M.

Fiscalización limitada previa do expediente.



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do servizo de edición completa da axenda e do calendario institucional da Deputación de Lugo.

**2º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o/s criterio/s que se recolle/n para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 16.500,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.465,00 €, o que fai un total de 19.965,00 €, atendendo ao seguinte desglose:

LOTE	Base imponible	IVE (... %)	Importe Total IVE incluído
1	12.000,00 €.	2.520,00	14.520,00
2	4.500,00 €	945,00	5.445,00

O gasto financiarase segundo consta no informe de consignación da Intervención con CSV: IV7A6DZCFHWPZG4LUB4FAVYOL4.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE LICENCIAS DE SOFTWARE TÉCNICO ESPECÍFICO PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18 de setembro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7DE22ZZTRTJ5J4A4GQOFYRD<sup>1</sup>.

2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7DE225JA4ZXHVLC5PUKHXBMA.

3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7DE225ZVV7URHLDQX5KVBGKU.

4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7DEAATJQEDSTRIQVM4MQHXCQ.

5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7DEAK6HNV5XNM6AVMGCD7SGE.

6. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7DEAK72DRC5VBJUIPXAVBxB4.

7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7DFWRN3EG6ZTHJ3VPE6HYRGQ.

8. Acordo da Xunta de Goberno de data 29 de xullo de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



procedemento de adjudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7DGQLPZFWJJ3XIS7X4MQ7TIE.

9. Acta da Mesa de Contratación do día 18 de agosto de 2022, con CSV IV7AVSK4LMHCJ6Z5UIVFG5ZPCA, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia, deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES	LOTES
SEIDOR TECH, S.A.	Lote 1: Autodesk. Software de deseño técnico, arquitectura, enxeñería e construción.
MICROMEDIA SL	Lote 2: Software de deseño gráfico e software de asistencia técnica

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan as súas propostas dentro do prazo outorgado a tales efectos e resultando que a documentación presentada axústase aos requisitos recollidos no PCAP, a Mesa de contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adjudicación, procedendo acto seguido a apertura do Anexo II e á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

LICITADORES	LOTES	OFERTA ECONÓMICA A oferta exprésase en % de desconto sobre os prezos unitarios recollidos no PPT (Cláusula 1.3), axustado a un máximo de dous decimais. Puntuación máxima 100 puntos
SEIDOR TECH, S.A.	Lote 1: Autodesk. Software de deseño técnico, arquitectura, enxeñería e construción. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 36.368,70	5,5%
MICROMEDIA SL	Lote 2: Software de deseño gráfico e software de asistencia técnica ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 35.707,41	12,26%

Parámetros obxectivos para a identificación de ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo.

Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

Vistas as ofertas dos licitadores, a Mesa de Contratación, acordou outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións :

LICITADORES	LOTES	PUNTUACIÓN TOTAL
SEIDOR TECH, S.A.	Lote 1: Autodesk. Software de deseño técnico, arquitectura, enxeñería e construción.	100 puntos
MICROMEDIA SL	Lote 2: Software de deseño gráfico e software de asistencia técnica	100 puntos

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Requirir ás empresas Seidor Tech, S.A. (Lote 1) e Micromedia SL (Lote 2) para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

	PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
SEIDOR TECH, S.A.	30.056,76€	1.502,84€
MICROMEDIA SL	29.510,26 €	1.475,51€

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

10. Resolución de Presidencia do 23 de agosto de 2022, con CSV: IV7AW3HL3B5PJB7UBUAN4SO4M, de clasificación e requirimento de documentación.



11. Requirimento de documentación, cursado ás empresas mellor valoradas, a través da plataforma de contratación do sector público o día 25 de agosto de 2022.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 12 de setembro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que as licitadoras propostas como adxudicatarias presentaron a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida.

A empresa Seidor Tech S.A., para o lote 1, presenta en prazo a documentación e garantía definitiva. Incorporase ao expediente escritura de cambio de denominación social.

A empresa Micromedia, S.L, para o Lote 2, presenta en prazo a documentación e garantía definitiva. Incorporase ao expediente certificado do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade autónoma de Galicia, onde se recolle o obxecto social da empresa. No tocante a garantía definitiva, infórmase de que se atopa correctamente constituída, pendente de sinatura a súa formalización. A mesa de contratación considera que se trata dun trámite interno, que non dificulta continuar coa tramitación do expediente.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Seidor Tech S.A., o lote 1 da contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación de Lugo, polo importe de 30.056,76 euros, ao que se aplicará un IVE dun 21%, 6.311,92 €, o que fai un total de 36.368,68 €, ofertando unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios das unidades contidas na cláusula 1.3 do PPT dun 5,50%, cunha duración de un ano, prorrogable anualmente, sen que a duración total (incluídas as prórrogas), poida exceder de tres anos (1+1+1), a contar dende o 01 de abril de 2023.

Tramítase como gasto anticipado, de conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral, posto que non se iniciará ata o día 01 de abril de 2023, data na que expira o contrato vixente.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 a cantidade de 36.368,70 euros para o lote 1.

**2º.-** Adxudicar á empresa Micromedia S.L., o lote 2 da contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación de Lugo, polo importe de 29.510,26 euros, ao que se aplicará un IVE dun 21%, 6.197,15 €, o que fai un total de 35.707,41 €, ofertando unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios das unidades contidas na cláusula 1.3 do PPT dun 12,26 %, cunha duración de un ano, prorrogable anualmente, sen que a duración total (incluídas as prórrogas), poida exceder de tres anos (1+1+1), a contar dende a formalización do contrato.

**3º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**4º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**5º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ADECUACIÓN Á NORMATIVA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN (ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE) E A PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de outubro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1.- Orden de inicio e memoria xustificativa de expediente de contratación, con CSV: IV7D4KA4PQ5IZKV62B7N45L66U<sup>2</sup>.

2.- Prego de prescricións técnicas, asinado polo Adxunto á Xefa de servizo de Comunicación e TICs con CSV IV7DQC2LFDZN7NFLQE4F4FKCOA.

3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7DQIHOD3VP3D6NRX4UMY2C74.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D2KI5N36JXTW5QBQXKQJWEI.

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D2KPIDUVZR5BIWMFWIVZS5Y.

6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV IV7D2OZJZYFZZ5MCWVHVKZIGGE.

8.- Proposta de Presidencia, con CSV IV7D3TQDKBU5VSF5YVXUJ5BAO4.

9.- Acordo da Xunta de Goberno de data 15 de xullo de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o

---

<sup>2</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV IV7DEXAJD76TRTZNQUPMKESC4M.

10.- Reunida a Mesa de Contratación o día 12 de agosto de 2022, (acta con CSV IV7AUKYPJJVKZD7M7UIEDYCE54), acordou o seguinte:

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

Computer-3 SLU.

R Cable y Telecable Telecomunicaciones S.A.U.

Tecnologías Plexus S.L.

Telefonica Soluciones de Informatica y Comunicaciones de España SAU.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, cos seguintes resultados:

Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP, polo que se acorda admitir a estas empresas.

A mesa de contratación acorda proceder á apertura dos sobres electrónicos de todas as licitadoras admitidas, relativo aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que as licitadoras presentan as memorias técnicas.

A Mesa acorda enviar a documentación contida en ditos sobres a informe e valoración do Servizo de Comunicación e TICs da Deputación de Lugo.



11.- Reunida a Mesa de Contratación o día 19 de setembro de 2022, (acta con CSV IV7ASLIYNRVNVLN56XVSIBKE4Y), acordou o seguinte:

Dase conta do informe con CSV: IV7ASXIZZAJI7T7TSU6X73SRC4, emitido polo Enxeñeiro Técnico de Telecomunicacións e o Adxunto á Xefa de Comunicación e TICS, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor das proposicións presentadas polos licitadores neste procedemento, atribuíndolles a seguinte puntuación:

CRITERIOS	MÁX. PUNTO	COMPUTER 3 SLU	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U.	TECNOLOGÍAS PLEXUS S.L.	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.
<i>Organización e composición do equipo de traballo (perfiles asignados ao equipo de traballo, organización e dedicación do mesmo)</i>	10	0	0	6,5	6,5
<i>Metodoloxía, plan de traballo e cronograma</i>	5	2,5	2,5	2,5	2,5
<i>Servizo de adecuación á normativa de seguridade da información e de protección de datos (apartado 3.1 do PPT)</i>	10	6,5	6,5	6,5	6,5
<i>Servizo de apoio de resposta a incidentes (3.2 PPT)</i>	10	3	6,5	3	6,5
<i>Plan de formación e concienciación (3.3 PPT) (MAX. 5 PUNTOS).</i>	5	2,5	2,5	2,5	2,5
<b>TOTAL</b>		<b>14,5</b>	<b>18</b>	<b>21</b>	<b>24,5</b>

A mesa de contratación acorda proceder á apertura dos sobres electrónicos das licitadoras admitidas, relativos aos criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos, recollidos no PCAP, resultando que as licitadoras presentan as seguintes ofertas:

CRITERIO-LICITADOR	COMPUTER 3 SLU	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U.	TECNOLOGÍAS PLEXUS S.L.	TELFÓNICA SOLUCIONES INFORMÁTICA COMUN.S.A.U.
OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	125.000,00 €	163.878 00 €	125.000,00 €	131.300,85 €
CERTIFICACIÓN NIVEL	MEDIO	ALTO	ALTO	ALTO
FORMACIÓN ADIC. USUARIOS	8	0	1	2
FORMACIÓN ADIC. TÉCNICOS	2	0	1	0
FORMACIÓN ADIC. ON LINE	0	0	10	2
FORMACIÓN ADIC. CONTIDOS	0	40	12	28
REDUCCIÓN TEMPOS RESPONSA INCIDENTES SEVERIDADE BAIXA	0	0	2	1
REDUCCIÓN TEMPOS RESPONSA INCIDENTES SEVERIDADE MEDIA	50	45	18	24
REDUCCIÓN TEMPOS RESPONSA INCIDENTES SEVERIDADE ALTA	0	2	10	8
REDUCCIÓN TEMPOS RESPONSA INCIDENTES SEVERIDADE MOI ALTA	0	0	2	2

A Mesa comprobou que ningún dos prezos está incurso en oferta desproporcionada ou anormalmente baixa e acordou realizar a valoración das ofertas, de acordo cos criterios de adjudicación establecidos no PCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

Asumir como propio o informe emitido polo Enxeñeiro Técnico de Telecomunicacións e o Adxunto á Xefa de Comunicación e TICS, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor.

Outorgar as seguintes puntuacións ás ofertas presentadas:

LICITADORES	PREZO	CERTIFIC.	FORMACIÓN	REDUC. TEMPOS	XUÍZO VALOR	TOTAL
COMPUTER 3 SLU	35	0	10	5	14,5	64,50 puntos
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U.	26,7	10	10	5	18	69,70 puntos
TECNOLOGÍAS PLEXUS S.L.	35	10	10	5	21	81,00 puntos
TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	33,32	10	10	5	24,5	82,82 puntos

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	82,82 puntos
2	TECNOLOGÍAS PLEXUS S.L.	81,00 puntos
3	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U.	69,70 puntos
4	COMPUTER 3 SLU	64,50 puntos

2º.- Requerir á empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese



aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5 %
131.300,85 €	6.565,04 €

12.- Resolución de Presidencia de 26 de setembro de 2022 de clasificación e requirimento de documentación, con CSV IV7A4UJIL5M74S4S6DVF4IBQOY.

13.-Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 28 de setembro de 2022.

14. -Documentación presentada pola empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U. a través da plataforma de contratación do sector público o día 6 de outubro de 2022.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 14 de outubro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpórase ao expediente, polo Servizo de Contratación e Fomento, certificado de apoderamento do Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia, carta de pago da garantía definitiva e certificación do Esquema Nacional de Seguridade de sistemas de categoría alta.

En canto a solvencia técnica, a empresa aportou certificados do Concello de Lleida e dunha empresa. Polo vogal da Sección de Novas Tecnoloxías, infórmase que recibíuse da empresa proposta como adxudicataria, no día de hoxe, a través de correo electrónico, dada a imposibilidade

técnica manifestada de facelo por sede electrónica, certificado de facturación emitido polo Concello de Lleida, que recolle o seguinte:

“Que el importe total del proyecto asciende a 3.574.638,48 € sin impuestos (4.325.312,56 € en total) con una duración de 60 meses, habiendo comenzado los trabajos en julio de 2019. Que la facturación del Lote 1 se realiza de forma mensual, alcanzando un valor durante el año 2022 de 63.985,33 euros mensuales + IVA.”

A Mesa acorda que se incorpore o certificado do Concello de Lleida ao expediente, considerando que está presentado en prazo e que queda acreditada a solvencia técnica cun importe anual superior ao 50 por cento do valor anual medio do contrato (82.500 euros).

No que se refire á adscripción de medios, a empresa proposta como adxudicataria presenta declaración de adscribir os medios persoais e materiais aos que se refire a cláusula 4.4. do prego de prescricións técnicas. Dito extremo xa consta na oferta técnica e foi comprobado pola Sección de novas tecnoloxías.

Tendo en conta o exposto anteriormente e que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; a Mesa entende que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U. a contratación do servizo de adecuación á normativa de seguridade da información (Esquema Nacional de Seguridade) e a protección de datos de carácter persoal. 2022/CON\_02/000033, polo importe de 131.300,85 euros, aos que haberá que engadir 27.573,18 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 158.874,03 euros, e coas condicións ofertadas pola empresa.



Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:23 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U. a contratación do servizo de adecuación á normativa de seguridade da información (esquema nacional de seguridade) e a protección de datos de carácter persoal. 2022/CON\_02/000033, polo importe de 131.300,85 euros, aos que haberá que engadir 27.573,18 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 158.874,03 euros, e coas condicións ofertadas pola empresa.

O gasto financiase de acordo coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	AD
2022	9200.22706	13.239,50	92022/7908
2023	9200,22703	145.634,53	920229/359
TOTAL		158.874,03	

Existe consignación na aplicación orzamentarias que se indica, do orzamento de gastos do 2022, pola cantidade de 13.239,50 €, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

2º.- A duración deste contrato é de un ano desde a formalización do contrato.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA DE ASEGURAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 14 de outubro de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Contratación dos servizos de mediación e asesoramento en materia de aseguramento da Deputación Provincial de Lugo. Expediente.-2022/CON\_02/000041.

Primeiro.- Dar conta da emenda da documentación do art.150.2 LCSP.





Segundo.-Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:

1. Orden de inicio de expediente, con CSV: IV7D4L2LYFRRTTGF6YY6BCIDBFY.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D4L2LYFRRTTGF6YY6BCIDBFY.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7D4IDDPYJ33WMMAF4QP5QBJ4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D4PZPLZXI6XOMQ75N4HRCKQ.
5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado polo Secretario Xeral, con CSV: IV7D4PZNL442ZL4T2E6AMU2FC4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D4P7KPQGP7X5NA5HTIUYOIL.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7D5TCIPEMVCVTJNURWUA7YPKE.
8. Acordo da Xunta de Goberno de data 10 de xuño de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7D6WHJBIH6YSOOYMAUI57D6Q.
9. Acta da Mesa de Contratación do día 18 de agosto de 2022, con CSV: IV7AVSJ2NFBVIVJJ5UF6WPZ7AEI que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia, deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, consta como único presentado a este procedemento a compañía Howden Artai, S.A.U.

Tendo en conta que a empresa Howden Artai, S.A.U. presenta a súa proposta dentro do prazo outorgado a tales efectos e resultando que a documentación presentada axústase aos requisitos recollidos no PCAP, a Mesa de contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación, procedendo acto seguido a apertura do Anexo II e á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE		
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS OU AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA	PUNTUACIÓN MÁXIMA	OFERTA HOWDEN ARTAI, S.A.U.
1.-Oferta de comisión. As ofertas que superen o 12% de porcentaxe de comisión sobre a prima neta ou sexan inferiores ao 5% serán excluídas. A oferta formularase de xeito obrigatorio con expresión dun máximo de 2 decimais, outorgando 40 puntos á mellor oferta e distribuíndo a puntuación de xeito proporcional entre o resto das ofertas que se tiveran realizado neste. O licitador que oferte o menor comisión obterá a máxima puntuación. As ofertas que igualem o á comisión máxima (12%) obterán 0 puntos. O resto de ofertas puntuarase proporcionalmente, atendendo á seguinte fórmula matemática: $Puntuación = POE * (PB/PO)$	40	5%
2.-Disponibilidade de Aplicación informática para o persoal da Deputación que permita a tramitación telemática de sinistros e reclamacións. Ademais o mediador o corredor de seguros prestará o asesoramento técnico necesario para o seu uso, así como para a tramitación dos sinistros, primando a realización online dos trámites.	10 puntos á oferta que presente dita mellora e 0 puntos á oferta que non presente a mellora.	SI
3.-Compromiso de obtención de aforros anuais, nas pólizas licitadas na anualidade respecto do custe precedente para a Deputación de Lugo como consecuencia da realización das operacións de mediación corretaxe e asesoramento. Máximo 10 puntos. Compromiso de aforro do -----%. Máximo de 10 puntos. (Se a oferta para este criterio é por un importe superior ao 10%, considerarase que a proposicións incorren en posible oferta desproporcionada ou anormal.) A oferta formularase de xeito obrigatorio con expresión dun máximo de 2 decimais, outorgando 10 puntos á oferta con maior % de aforro e distribuíndo a puntuación de xeito proporcional entre o resto das ofertas que se tiveran realizado neste.	10	11% considerarase que a proposicións incorren en posible oferta desproporcionada ou anormal
4.-Servizo de asistencia especializada de atención telefónica inmediata 24 horas os 365 días /ano para emerxencias de sinistros e reclamacións.	10 puntos á oferta que presente dita mellora e 0 puntos á oferta que non presente a mellora.	SI
5. Mellora sobre o equipo mínimo de traballo establecido no compromiso de adscrición de medios persoais: ata 10 PUNTOS. - Por cada membro adicional do equipo de persoal que se adscriba ao contrato, por encima do mínimo esixido neste prego como compromiso de adscrición de medios persoais cun mínimo de 3 anos de experiencia en empresa de correduría de seguros, que acredite a superación de cursos de formación de nivel 1 de conformidade ao art. 7 (e apartados 1 e 2 da Disp. Adicional única) do Real Decreto 287/2021, do 20 de abril, sobre formación e remisión da información estatístico-contable- dos distribuidores de seguros e reaseguros, e así mesmo acredite a formación continua de nivel 1 establecida no art. 11 do citado real decreto (25 horas lectivas anuais): 5 puntos por cada membro adicional ata un máximo de 10 puntos.	10	OFERTA 2 PERSOAS ADICIONAIS AO EQUIPO DE TRABALLO
6. Disponibilidade de medios propios de taxación de inmobles. Valorarase a oferta dun servizo de taxación a custo cero para a Deputación cando sexa necesaria a realización de taxacións nos procedementos de tramitación de reclamacións e sinistros.	10 puntos á oferta que presente dita mellora e 0 puntos á oferta que non presente a mellora.	SI
7- Prazo (nº de días naturais) desde que o corredor reciba o encargo correspondente, para informar en relación á elaboración de informes de índole menor como son os necesarios para a tramitación de facturas emitidas polas aseguradoras, informes de boa execución, os relativos á acreditación de solvencia económica (mediante pólizas de RC, multirriesgo...) achegada polos licitadores nos procedementos de contratación.  -Se o prazo de emisión do informe desde que o corredor reciba o encargo é como máximo de 3 días naturais.....5 puntos.  -Se o prazo de emisión do informe desde que o corredor reciba o encargo é como máximo de 1 día natural.....10 puntos.	10	OFERTA QUE O PRAZO DE EMISIÓN DO INFORME DESDE QUE O CORREDOR RECIBA O ENCARGO É COMO MÁXIMO DE 1 DÍA NATURAL
Total	100	

A mesa de contratación acorda otorgar as seguintes puntuacións:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS OU AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA	PUNTUACIÓN
1.-Oferta de comisión.	40
2.-Disponibilidade de Aplicación informática para o persoal da Deputación que permita a tramitación telemática de sinistros e reclamacións. Ademais o mediador o corredor de seguros prestará o asesoramento técnico necesario para o seu uso, así como para a tramitación dos sinistros, primando a realización online dos trámites.	10
3.-Compromiso de obtención de aforros anuais, nas pólizas licitadas na anualidade respecto do custe precedente para a Deputación de Lugo como consecuencia da realización das operacións de mediación corretaxe e asesoramento. Máximo 10 puntos.	10
4.-Servizo de asistencia especializada de atención telefónica inmediata 24 horas os 365 días /ano para emerxencias de sinistros e reclamacións.	10
5. Mellora sobre o equipo mínimo de traballo establecido no compromiso de adscrición de medios persoais: ata 10 PUNTOS.	10
6. Disponibilidade de medios propios de taxación de inmobles. Valorarase a oferta dun servizo de taxación a custo cero para a Deputación cando sexa necesaria a realización de taxacións nos procedementos de tramitación de reclamacións e sinistros.	10
7- Prazo (nº de días naturais) desde que o corredor reciba o encargo correspondente, para informar en relación á elaboración de informes de índole menor como son os necesarios para a tramitación de facturas emitidas polas aseguradoras, informes de boa execución, os relativos á acreditación de solvencia económica (mediante pólizas de RC, multirriesgo...) achegada polos licitadores nos procedementos de contratación.	10
PUNTUACIÓN TOTAL	100



Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Howden Artai, S.A.U., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta (11% de aforros anuais, nas pólizas licitadas na anualidade respecto do custe precedente, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.”

10. Acta da Mesa de Contratación do día 08 de setembro de 2022, con CSV: IV7AQKX2JL52WTMDS35UOEAWAU que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia, deuse conta que, o 18 de agosto do 2022 deuse traslado á empresa Howden Artai S.A.U., do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa, en relación ao compromiso de aforro anual ofertado, nas pólizas licitadas na anualidade respecto do custe precedente. A mercantil Howden Artai S.A.U., presentou dita xustificación en prazo, en concreto o 24.08.2022 mediante a Plataforma de Contratos do Sector Público, e a maiores o día 25.08.2022 presenta por sede electrónica (2022RT011690) unha documentación complementaria a inicialmente presentada por Place.

Dende o servizo de Contratación e Fomento emitiuse informe, con CSV: IV7AQDJOFX42JTHNYAIBOB3DH4, no que conclúe: “... que á vista dos argumentos expostos pola mercantil ARTAI, e tendo en conta que o art. 150.3 da LCSP di que: “No podrá declarase

desierta una licitación cuando exista alguna oferta o proposición que sea admisible de acuerdo con los criterios que figuren en el pliego”, pódese concluir que a oferta presentada por Artai-Correduría de seguros S.A. ten as condicións que lle permiten afrontar os compromisos ofertados e relacionados no pregos de prescripcións técnicas”.

A Mesa acorda facer seu o informe do servizo de Contratación e Fomento e aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación consultada é correcta.

A Mesa de Contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a oferta presentada por Howden Artai, S.A.U.

Requirir á empresa Howden Artai, S.A.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (Rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado ,significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

COMISIÓN OFERTADA	IMPORTE DA GARANTÍA: O licitador que presente a oferta máis vantaxosa deberá acreditar, no prazo indicado na cláusula 17ª, a constitución da garantía definitiva por importe do 5 % da cantidade que resulte de aplicar a porcentaxe de comisión ofertada polo adxudicatario ao dobre do total das primas netas (prima total menos impostos). 10% (523.906,51 € 5% x 2 anos)= garantía definitiva
5%	5.239,07 euros



Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

11.- Resolución da Presidencia do día 13 de setembro de 2022, con CSV: IV7ASQHOHVM5LGO4UY5FIZBACU , pola que se acepta a proposta da mesa de contratación e se procede á clasificación dos licitadores e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao licitador mellor clasificado.

12.Acta da Mesa de Contratación do día 30 de setembro de 2022, con CSV: IV7A4G7O3IH3LXVMQE6DBYJPOA que recolle as seguintes consideracións:

“Dáse conta aos membros da Mesa de Contratación que a empresa Howden Artai, S.A.U., unha vez requirida a documentación do art.150.2 LCSP e relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, presentouna en prazo a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Incorpórase ao expediente o bastanteo de poder a favor de D. Rubén Martínez Nieto emitido pola Asesoría xurídica, escrituras de constitución da empresa Howden Artai S.A.U., con inscrición do Rexistro Mercantil e certificado emitido polo Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de non ter débedas pendentes.

Que unha vez examinada a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a póliza de responsabilidade profesional esixida para acreditar a solvencia económica e financeira non cumpre cos requisitos relacionados no PCAP, en concreto co importe da franquicia máxima permitida e coa condición de que debe figurar na póliza como asegurado adicional a Deputación de Lugo para esa actividade.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso, acórdase por unanimidade dos presentes, a seguinte proposta:

Requirir á empresa Howden Artai, S.A.U a emenda da póliza de responsabilidade profesional esixida para acreditar a solvencia económica e financeira segundo as esixencias relacionadas na cláusula décimo sétima do PCAP.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 14 de outubro de 2022, aos efectos de examinar a emenda da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora Howden Artai S.A.U., presentou en prazo e correctamente a emenda da póliza de responsabilidade profesional esixida para acreditar a solvencia económica e financeira segundo as esixencias relacionadas na cláusula décimo sétima do PCAP.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a documentación presentada pola empresa Howden Artai S.A.U. e considerala completa.

Adxudicar á empresa Howden Artai S.A.U., a contratación dos Servizos de mediación e asesoramento en materia de aseguramento da Deputación Provincial de Lugo por un importe de cero euros e nas seguintes condicións ofertadas.

OFERTADO POR HOWDEN ARTAI, S.A.U.
1.-Oferta de comisión do 5%
2.-Disponibilidade de Aplicación informática para o persoal da Deputación que permita a tramitación telemática de sinistros e reclamacións. Ademais o mediador o corredor de seguros prestará o asesoramento técnico necesario para o seu uso, así como para a tramitación dos sinistros, primando a realización online dos trámites.
3.-Compromiso de obtención dun 11% de aforros anuais, nas pólizas licitadas na anualidade respecto do custe precedente para a Deputación de Lugo como consecuencia da realización das operacións de mediación corretaxe e asesoramento.
4.-Servizo de asistencia especializada de atención telefónica inmediata 24 horas os 365 días /ano para emerxencias de sinistros e reclamacións.
5. Oferta 2 persoas adicionais sobre o equipo mínimo de traballo establecido no compromiso de adscrición de medios persoais.
6. Disponibilidade de medios propios de taxación de inmobles. Valorarase a oferta dun servizo de taxación a custo cero para a Deputación cando sexa necesaria a realización de taxacións nos procedementos de tramitación de reclamacións e sinistros.
7- Oferta que o prazo de emisión de informe será como máximo de 1 día natural, desde que o corredor reciba o encargo correspondente, para informar en relación á elaboración de informes de índole menor como son os necesarios para a tramitación de facturas emitidas polas aseguradoras, informes de boa execución, os relativos á acreditación de solvencia económica (mediante pólizas de RC, multirriesgo...) achegada polos licitadores nos procedementos de contratación.



A duración do contrato establécese en dous anos con posibilidade de prórroga de dous anos máis (2+2).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:38 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asíñase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-**Adxudicar á empresa Howden Artai S.A.U., a contratación dos Servizos de mediación e asesoramento en materia de aseguramento da Deputación Provincial de Lugo por un importe de cero euros e nas seguintes condicións ofertadas.

OFERTADO POR HOWDEN ARTAI, S.A.U.
1.-Oferta de comisión do 5%
2.-Disponibilidade de Aplicación informática para o persoal da Deputación que permita a tramitación telemática de sinistros e reclamacións. Ademais o mediador o corredor de seguros prestará o asesoramento técnico necesario para o seu uso, así como para a tramitación dos sinistros, primando a realización online dos trámites.
3.-Compromiso de obtención dun 11% de aforros anuais, nas pólizas licitadas na anualidade respecto do custe precedente para a Deputación de Lugo como consecuencia da realización das operacións de mediación corretaxe e asesoramento.
4.-Servizo de asistencia especializada de atención telefónica inmediata 24 horas os 365 días /ano para emerxencias de sinistros e reclamacións.
5. Oferta 2 persoas adicionais sobre o equipo mínimo de traballo establecido no compromiso de adscrición de medios persoais.
6. Disponibilidade de medios propios de taxación de inmobles. Valorarase a oferta dun servizo de taxación a custo cero para a Deputación cando sexa necesaria a realización de taxacións nos procedementos de tramitación de reclamacións e sinistros.
7- Oferta que o prazo de emisión de informe será como máximo de 1 día natural, desde que o corredor reciba o encargo correspondente, para informar en relación á elaboración de informes de índole menor como son os necesarios para a tramitación de facturas emitidas polas aseguradoras, informes de boa execución, os relativos á acreditación de solvencia económica (mediante pólizas de RC, multirriesgo...) achegada polos licitadores nos procedementos de contratación.

**2º.-** A duración do contrato establécese en dous anos con posibilidade de prórroga de dous anos máis (2+2) con entrada en vigor a partir do día seguinte á formalización do contrato ou no seu defecto na data que conste na acta de inicio, sendo a data prevista o día 2 de decembro de 2022.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022.**

*Escrito do Concello de Sober, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos nº 250-251 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Sober, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (250-251) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:





1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Sober presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
SOBER	250	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DOS ACCESOS A SAN MARTIÑO, O BARREAL, ARXEMIL, BOLMENTE, SUAREXA-BARANTES, VILAR, SANTIORXO, O RODEIRO-LOBIOS, AS MOREIRAS E IGREXA DE DOADE, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	4.005,90 €
	251	HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE SAN MARTIÑO DE ARROXO, INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	8.732,00 €

5. Por escrito de data 14/10/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
SOBER	REM	ACONDICIONAMENTO DE ACCESO O MUIÑO DE VILACHÁ (DOADE)	1531.76201	----	4.005,90€	4.005,90€
	REM	HUMANIZACIÓN DO ACCESO A OUTEIRO, INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	----	8.732,00€	8.732,00€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Sober, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Sober e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente



incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
SOBER	REM	ACONDICIONAMENTO DE ACCESO O MUIÑO DE VILACHÁ (DOADE)	1531.76201	----	4.005,90€	4.005,90€
	REM	HUMANIZACIÓN DO ACCESO A OUTEIRO, INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	----	8.732,00€	8.732,00€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DERIVADOS DA ACTUACIÓN “FEIRA DE ARTESANÍA DE SAMOS” DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DO ANO 2022 PARA SUFRAGAR OS GASTOS DA ACTUACIÓN “FEIRA DA CASTAÑA” 2022.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Autorización da aplicación de remanentes derivados da actuación “Feira de artesanía de Samos” do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 na actuación “Feira da castaña de Samos” 2022”

Visto o escrito do representante do concello de Samos (Exp 2022/PES\_03/018289) no que se solicita destinar o aforro resultante da realización da “Feira de Artesanía de Samos” ano 2022, e que ascende a 1.198,00 €, para cubrir os gastos derivados da realización da “Feira da Castaña de Samos” 2022, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emétese o presente informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria do 28 de decembro de 2021, acordou, entre outros asuntos, a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 (publicadas no BOP de Lugo nº 006 de 10 de xaneiro de 2022).

Segundo.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o 5 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

“1.- A aprobación do Plan único de Cooperación cos concellos 2022, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

Programa	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)	TOTAL
(...)			
7.- Feiras Mercados e Outros	115.447,27 €	23.344,41 €	138.791,68€
(...)			

(...)”.

Máis concretamente, e no relativo ao Programa de Feiras, mercados e outros do Concello de Samos o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 aprobado, recolle:

IMPORTES PLAN ÚNICO 2022					
CONCELLO	PROGRAMA	ACTUACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
(...)					
SAMOS	B7	FEIRA DA ARTESANÍA	0,00 €	4.600,00 €	4.600,00 €
(...)					

Consideracións xurídico administrativas.

Na base 15.2 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 establécese literalmente que:



“Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación. Cada área xestora tramitará a concesión de aforros ou remanentes producidos, de ser o caso”.

#### Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo o informe de Intervención onde consta que non supón modificación orzamentaria, se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se autorice destinar o remanente da realización da Feira de Artesanía de Samos ano 2022, que ascende a 1.198,00 €, para cubrir os gastos derivados da realización da “Feira da Castaña de Samos” ano 2022”.

Polo que proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Estimar a solicitude do representante do Concello de Samos de destinar o remanente da realización da Feira de Artesanía de Samos ano 2022, que ascende a 1.198,00 €, para cubrir os gastos derivados da realización da “Feira da Castaña de Samos” ano 2022, dado que non supón unha modificación orzamentaria pola natureza da festa da Castaña de Samos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primerio.-** *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira coa finalidade común de colaborar na reparación e mellora do Centro Sociocultural de Meira, incluído honorarios.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins común de Reparación e mellora do Centro Sociocultural de Meira, incluído honorarios, consta no mesmo:

1. Solicitud de do Concello de Meira con número de expediente no GTM: 2022/PES\_03/019793, que inclúe ademais:

a. Proxecto ou memoria valorada do investimento.  
b. Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

2. Memoria de impacto económico, con CSV: IV7AYQH4PUUC7GN5QUFVAZ2BCI.

3. Borrador de convenio con CSV: IV7AYQH4PQEJV3ZKCRWSJ52SD4.

4. Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7AYQH4EFFJZT42SR5G65YEMA.

5. Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Reparación e mellora do Centro Sociocultural de Meira, incluído honorarios , con un orzamento total de 48.309,25 euros.



2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 46.494,25 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.**- *Proposta de aprobación da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais. Anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais. anualidade 2022.

En relación ao asunto de referencia (EXP 2022/XEN\_01/003029) e visto o borrador da addenda remitido dende a Xunta de Galicia, na Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro: A xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2021, acordou prestar aprobación á seguinte proposta

1. Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, para a anualidade do 2022, e os seus anexos por importe total de 3.427.903,26 €, que se desglosa do seguinte xeito:

Zona	Sede/Subsede	Com p	Custo	DDPP	Concellos	Vicepresidencia DXEI	Vicepresidencia DXAL	CM Rural (fondos propios)
Santaido-Noia-A Barcala	Brión	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Betanzos-Terra de Melide-Ordes	Curtis	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Ferrol-Eume	Mugarbos	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Muros, Xallas e Noia	Muros	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Ortegale Ferrol	Ortigueira	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
O Sare Caldas	Padrón	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Bergantiños	Ponteceso	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Os Ancares-Lugo-Sarria	Por definir	12						
A Mariña Central e Occidental	Cervo	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Folgoso)	Folgoso do Caurel	6	136.370,96 €	56.000,00 €	10.500,00 €		7.875,00 €	61.995,96€
Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Quiroga)	Quiroga	6	136.370,96 €	56.000,00 €	10.500,00 €		7.875,00 €	61.995,96€
A Fonsagrada-Meira	Por definir	12						
Terra cha-Lugo	Friol	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
A Ulloa-Lugo-Chantada	Monterroso	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
A Mariña Central e Oriental	Pontenova, A	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Servizo municipal Noia	Noia	12	155.000,00€	62.000,00 €	11.625,00€	16.500,00 €	64.875,00 €	
Total			3.427.903,26 €	1.406.000,00€	263.625,00€	16.500,00 €	253.875,00€	1.487.903,26€

2. Aprobar o gasto por importe de 560.000,00 € como gasto anticipado con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2022 aprobado definitivamente por acordo plenario do 28 de decembro de 2021, para financiar os gastos (correntes e persoal) en materia de emerxencias e extinción de incendios derivados do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, para a anualidade do 2022.

3. Determinar que a axuda a satisfacer pola Deputación se destine indistintamente a gastos de persoal e gastos correntes, dado que no borrado do convenio remitido non constan os importes que cada concello ten que destinar especificamente a gastos de persoal e a gastos correntes.





4. A documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida pola Deputación concretarase por Resolución de Presidencia, que será notificada aos Concellos Sede.”

Segundo: O Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincial e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para a anualidade do 2022 formalizouse o 30 de decembro de 2021.

Fundamentos xurídico- administrativos.

Primeiro: Na cláusula décimo sexta do convenio establécese literalmente o seguinte:

“O presente convenio estenderá a súa vixencia desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022”

Segundo: No artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que os convenios deben incluír o réxime de modificación e que “a falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes”.

Terceiro: O órgano competente para a aprobación da addenda do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincial e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais é a Xunta de Goberno.

Conclusiones.

O obxecto da modificación do convenio é realizar unha redistribución dos importes das partidas orzamentarias correspondentes ás Direccións Xerais de Administración Local e de Emerxencias e Interior sen que en ningún caso supoña unha modificación da contía total do convenio, nin da achegada da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, nin de ningunha outra entidade.

Esta redistribución pretende mellorar a eficacia na xestión e xustificación do gasto, de forma que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior financie 65.625,00€ destinados íntegramente aos gastos de persoal do Servizo Municipal de Emerxencias de Noia e a Dirección Xeral de Administración Local financie 204.750,00 € destinados aos gastos de funcionamento (correntes en bens e servizos) tanto dos GES coma do antedito servizo municipal.

Por todo o exposto, tendo en conta que media a vontade das partes e que o convenio está vixente se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación da cláusula oitava, do Anexo II e do Anexo XI do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincial e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, formalizado o 30 de decembro de 2021, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusula en tanto non se vexan afectadas por esta addenda.”

Por todo o exposto no devandito informe e tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar a modificación da cláusula oitava, do Anexo II e do Anexo XI do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincial e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, formalizado o 30 de decembro de 2021, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusula en tanto non se vexan afectadas por esta addenda.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Aprobación, se procede, de aprobación do gasto anticipado do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais. Anualidade 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP 2022/XEN\_01/003031) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural e que todos os concellos de Galicia, están declarados de alto ou medio risco de incendio.

Os GES complementan a atención das emerxencias e extinción e prevención de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e comarcais, de forma que cobren zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal.

Segundo.- A Deputación Provincial de Lugo, veu colaborando dende o no 2013 coa Xunta de Galicia, a FEGAMP, as Deputacións Provinciais de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e diversos

Concellos da Provincia de Lugo no financiamento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia.

Terceiro.- O convenio de colaboración que abarca a anualidade 2022, formalizado o 30 de decembro de 2021, expira a súa vixencia o 31 de decembro de 2022, polo que faise necesario aprobar o gasto anticipado para financiar os gastos derivados do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, para a anualidade do 2023, aos que se deberán adherir os Concellos sedes.

Fundamentos xurídico-administrativos.

Lexislación de réxime local.

Primeiro.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.



Segundo.- A lexislación de réxime local é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualmente legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarto.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a

súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as competencias das entidades locais poden establecerse pola lexislación básica de réxime local, pola normativa autonómica sobre réxime local e tamén polas normas sectoriais tanto estatais como autonómicas; entre estas últimas claramente a Lexislación de emerxencias de Galicia.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeiro.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segundo.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos.

Conclusiones.



En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formalizará a través da sinatura do convenio da anualidade do 2023, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o artigo 25.2,f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local dispón que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de “policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios”.

E segundo o seu artigo 26.1 e), nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes (deberán prestar) ademais: protección civil (...), prevención e extinción de incendios (...)

O artigo 80.2, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, dispón que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:

a. A seguridade en lugares públicos, b) A ordenación de tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, e) A protección civil e a prevención e extinción de incendios.

A lexislación sectorial, nomeadamente a Lei de emerxencias de Galicia (lei 5/2007, de 7 de maio) no seu artigo 10, letra e), dispón que corresponde aos municipios e entidades locais supralocais, no seu caso, a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións do artigo 333.1 da Lei de Administración Local de Galicia (sobre dotación de recursos financeiros aos Concellos para o cumprimento dos fins confiados).

En relación coas provincias, o artigo 26, apartado e) da sinalada Lei Galega de Emerxencias, sinala que corresponden aos seus órganos de goberno garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e salvamento, naqueles concellos que non contan con servizos propios, por non resultar obrigados ou ter obtido dispensa dos mesmos.

En canto aos concellos, no artigo 27 da Lei de emerxencias, establécese que sen prexuízo da competencia xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias que o artigo 10, atribúe a todos os municipios, corresponden aos concellos de máis de 20.000 habitantes, entre outras, crear o servizo municipal de protección civil e xestión de emerxencias, e crear os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento.

En todo caso e consonte ao parágrafo 2º dese artigo 27 da Lei de emerxencias de Galicia “A persoa titular da alcaldía é a autoridade municipal superior de protección civil e xestión de emerxencias.”

Na Provincia de Lugo, os Concellos non acadan a cifra de 20.000 habitantes, pero teñen obrigas en protección civil e xestión de emerxencias, de aí o carácter supramunicipal dos GES e o deseño desta acción colaborativa.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

Cuarta.- O convenio do ano 2023 ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola





Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Respecto da tramitación, especialmente dende a perspectiva económica, se tramita como expediente de gasto anticipado, posto que a súa execución comeza no ano 2023.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Oitava.- Consta informe de intervención de existencia de crédito por importe de 640.000,00 € como gasto anticipado con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2023

Novena.- Así pois a proposta de aprobación do gasto é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno, tomando como referencia o convenio da anualidade do 2022, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o gasto por importe de 640.000,00 € como gasto anticipado con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2023 para financiar os gastos (correntes e persoal) en materia de emerxencias e extinción de incendios derivados do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, para a anualidade do 2023, que deberá ser aprobado e ao que se deberán adherir os concellos sede.”

Por todo o exposto no devandito informe e tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o gasto por importe de 640.000,00 € como gasto anticipado con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2023 para financiar os gastos (correntes e persoal) en materia de emerxencias e extinción de incendios derivados do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, para a anualidade do 2023, que deberá ser aprobado e ao que se deberán adherir os concellos sede.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Cuarto.-** *Proposta de encargo da Deputación Provincial de Lugo ao seu Medio Propio Personificado e Servizo Técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización do servizo de execución das actuacións dos proxectos dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de*



*Cervantes, Navia e Becerreá, con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea-Nextgeneration eu para os anos 2022-2023, compoñente 4 de conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade (Orde do 25 de xaneiro 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicada no DOGA N° 32 do 16.02.2022).*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) financiado pola unión europea-nextgeneration eu para os anos 2022-2023”.

Segundo a memoria técnica do Servizo de Medio Ambiente, o obxectivo deste encargo a medio propio é a execución das actuacións dos proxectos das actuacións dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses e montes de Cervantes, Navia e Becerreá, aprobados na convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724C), publicado no DOGA nº 32 do 16.02.2022.

A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de contratos do sector público (LCSP en diante), a consideración de poder adjudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

A disposición adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante)e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais, e estarán obrigadas a realizar, con

carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa disposición adicional 24ª da LCSP.

Con base no anterior, TRAGSA é medio propio da Deputación de Lugo, dende a formalización o 17.12.2019 da compra dunha acción da citada entidade.

No punto 4 da citada disposición adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

Así mesmo, TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC estarán obrigadas a participar e actuar, por encargo das entidades do sector público das que son medios propios personificados, en tarefas de emerxencia e protección civil de todo tipo, en especial, a intervención en catástrofes ambientais ou en crises; a desenvolver tarefas de prevención de riscos e emerxencias de todo tipo; e a realizar actividades de formación e información pública en supostos de interese público e, en especial, para a prevención de riscos, catástrofes ou emerxencias.

No mesmo senso, o Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E., M. P. (TRAGSA) e das súas filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios, S.A., S. M.E., M. P. (TRAGSATEC), establece no seu artigo 3, que as Deputacións, entre outros, poderán conferir encargos a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC sobre os traballos e actividades que, atopándose dentro do marco funcional dos apartados 1, 4 e 5 da disposición adicional vixésima cuarta da LCSP, e do obxecto social das mesmas, precisen para o exercicio das súas competencias e funcións, así como os que resulten complementarios ou accesorios, de acordo co réxime establecido neste real decreto.



As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

Vista a memoria do Servizo de Medio Ambiente do 20 de outubro de 2022, no cal se informa que:

“(…)

Considerando que a orde de axudas pola cal se rexe a referida convocatoria de axudas foi publicada o pasado día 16.02.2022, e recollendo a devandita orde sobre a xustificación das subvencións:

“Artigo 28. Xustificación da subvención

A xustificación da subvención efectuarase en dúas anualidades:

1. Anualidade 2022:

a) No caso de non solicitar anticipo, a entidade beneficiaria deberá solicitar o pagamento da anualidade correspondente ao ano 2022 (anexo IV) unha vez executada e xustificada a actividade correspondente.

b) Para a anualidade de 2022 só se admitirán aqueles gastos efectivamente realizados e pagados entre a data de emisión da acta de non inicio recollida no artigo 9.3 ou, no seu caso, da presentación da declaración responsable recollida no mesmo artigo, e o 21 de outubro de 2022.

c) No caso das entidades beneficiarias que solicitasen o anticipo, todas as actuacións deberán estar executadas e pagas con data límite do 23 de decembro de 2022, e poderán presentar a xustificación do importe anticipado na data establecida para a anualidade 2023 xunto á xustificación final.

2. Anualidade 2023:

a) Unha vez executada e xustificada a actividade correspondente ao ano 2023 solicitarase o pagamento da segunda anualidade (anexo IV).

b) Só será subvencionable o gasto realizado que fose efectivamente pagado con data límite do 29 de setembro de 2023.

3. Estes prazos serán, en todo caso, improrrogables.”

Polo anteriormente exposto, queda acreditada a urxencia deste procedemento, posto que é imposible neste prazo licitar a execución das actuacións dos proxectos (aínda que sexa por trámite de urxencia).

Por outra banda, debido á acumulación de tarefas que soportan os técnicos deste Servizo de Medio Ambiente, que como é coñecido realiza diversas actividades a nivel provincial ademais da xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, e tendo en conta a experiencia do medio propio na execución deste tipo de actuacións, e a devandita urxencia, cómpre a realización do encargo a medio propio baseándose no anteriormente exposto, tanto na urxencia como na necesidade de medios técnicos e materiais adecuados e suficientes.

A maior abastanza, a referida orde de axudas recolle no artigo 9 (“Conceptos subvencionables”), que o IVE non será subvencionable; así mesmo, tamén se recolle na orde que os proxectos presentados deberán reflectir prezos de mercado, e polo tanto, perseguindo a mellor opción dende o punto de vista económico e técnico óptase pola realización do encargo a medio propio, cuxos prezos son de mercado ao estar aprobados pola Resolución do 6 de abril de 2022, da Subsecretaría de Facenda, pola que se publica o Acordo da Comisión para a determinación de tarifas de Tragsa, polo que se publica o Acordo da Comisión para a determinación das tarifas Tragsa, polo que se actualizan as tarifas de 2019, e do mesmo xeito os prezos do medio propio son de mercado e non están suxeitos a IVE.

O prazo de execución dos proxectos subvencionados remata:

Na anualidade 2022, o 21.10.2022 (ou no caso de solicitar o anticipo, o 23 de decembro de 2022).

Na anualidade 2023, o 29.09.2023.

(...)”

Visto que se trata dun traballo que presenta unha urxencia xustificada e consta orzamento detallado da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. para a execución das actuacións dos proxectos dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU para os anos 2022-2023, de acordo coa Orde do 25 de xaneiro 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicada no DOGA nº 32 do 16.02.2022, por importe de 1.036.427,98 €.



Visto que existe consignación orzamentaria para poder ordenar o referido encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P.

Proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Realizar o encargo ao medio propio para a execución das actuacións dos proxectos dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU para os anos 2022-2023, de acordo coa Orde do 25 de xaneiro 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicada no DOGA nº 32 do 16.02.2022.

2º.- Aprobar el gasto por importe de 1.036.427,98 que se financiará facorde ás seguintes anualidades:

	APLIC. ORZ.	2022	2023	TOTAL
TERRAS DOMIÑO	1724.210	121.873,94 RC: 220220031116	230.858,32 RC: 220229000509	609.369,72
	1724.22699		40.366,79 RC: 220229000510	
	1724.619		216.270,67 RC: 220229000511	
OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ	1725.210	36.254,63 RC: 220220031114	216.353,00 RC: 220229000512	427.058,26
	1725.22699		56.854,87 RC: 220229000513	
	1725.619	49.157,02 RC: 220220031115	68.438,74 RC: 220229000514	
		207.285,59	829.142,39	1.036.427,98

Segundo Informe da Intervención Xeral, con CSV: IV7AYX7P2EZSTLX2YYUFCIB66Q, existe consignación orzamentaria nas aplicacións 1724.210 por importe de 121.873,94 €, 1725.210 por importe de 36.254,63 € e na aplicación 1725.619 por importe de 49.157,02 € do vixente orzamento xeral para a anualidade 2022 .

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2023 os importes indicados na táboa.

**3º.-** De acordo coa certificación emitida por TRAGSA, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 25%.

**4º.-** A factura para o pagamento dos traballos encargados expediranse por medios electrónicos, de conformidade co establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

O medio propio en cumprimento no recollido na orde de axudas desta convocatoria deberá presentar con data anterior ao 9 de decembro de 2022, factura, memoria e informe xustificativo de execución das accións que se realicen durante a anualidade 2022.

Asemade para a anualidade 2023 o medio propio deberá presentar factura, memoria e informe xustificativo, de execución das accións que se realicen durante a anualidade 2023, en data anterior ao 8 de setembro de 2023.

Por outra banda e ao remate dos traballos asinarase acta de recepción polo medio propio e o órgano xestor deste encargo así como pola Intervención da Deputación Provincial de Lugo.

E toda a documentación requirida a tal efecto na convocatoria que rexe este procedemento.

Estes informes de execución deberán ser conformados polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo.

Asemade estes informes deberán conter o estado de execución nese momento intermedio e final e nos mesmos deberán xustificarse o cumprimento por parte do medio propio das obrigas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital así como de non afección ao medio ambiente, de obrigado cumprimento.

**5º.-** O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo.





6º.- Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désígnase por parte da Deputación Provincial de Lugo ao Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Luís J. Fernández Reija e por parte de TRAGSA a D. José Antonio Maira Méndez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

7º.- O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

8º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

9º.- Dar traslado deste acordo a Intervención Provincial e ao Servizo de Contratación e Fomento e ao medio propio (TRAGSA).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **9.- PROPOSTA RELATIVA Á RESOLUCIÓN POR LIQUIDACIÓN E FINALIZACIÓN DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN DA ÁREA RECREATIVA PROVINCIAL DENOMINADA MAZO DE SANTA COMBA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta or acordo da Xunta de Goberno do 12 de xullo de 2013, relativo á aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e pregos técnicos aprobados para a adxudicación do servizo de explotación das Areas Recreativas de propiedade provincial e cuxo

procedemento foi convocado segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 166 de 20 de xullo de 2013.

Tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno do 18.10.2013 de aprobación por lotes das Areas Recreativas da Deputación de Lugo, e en particular:

LOTE	AREA RECREATIVA	ADXUDICATARIO
LOTE IV	Mazo de Santa Comba	José Ramón Fernández Maseda

Tendo en conta que a formalización do dito contrato administrativo especial entre esta Deputación de Lugo e o adxudicatario José Ramón Fernández Maseda foi asinado o 30 de outubro de 2013 e que finalizou o 30 de outubro de 2021 por cumprimento do prazo,

Tendo en conta o informe da responsable do contrato, -nomeada polo Decreto de 13 de novembro de 2013-, do 13 de maio de 2022 e CSV IV7DQDCZOEJ2RWPNQXVNHZRDOA no que ademais de sinalar as actuacións realizadas para a comprobación do cumprimento das obrigas contractuais adquiridas durante a vixencia do dito contrato administrativo conclúe que entende cumprido integramente e de xeito satisfactorio o contrato administrativo de explotación do inmovible provincial denominado Mazo de Santa Comba que fora asinado o 30 de outubro de 2013 entre esta Entidade Provincial e José Ramón Fernández Maseda, adxudicatario da dita explotación, e que finalizou con data do 30 de outubro de 2021.

Por outra banda, en relación coa solicitude de cancelación e devolución da garantía do contrato, o adxudicatario José Ramón Fernández Maseda presenta o seguinte:

Escrito do 28.01.2022 no que solicita que se proceda á devolución da fianza por importe de 1.000 € que no seu día depositara ante a Deputación. Acompaña o Contrato administrativo de formalización de contrato de la gestión indirecta, de la explotación de las instalaciones de tienda y degustación de productos artesanales en el Mazo de Santa Comba (Lugo) mediante la modalidad e concesión que foi asinado o 17.07.2006 entre o dito adxudicatario y o Presidente do extinto INLUDES. No seu contido, entre outro, se expresa: “Cláusula 5. La garantía definitiva de 1.000 € se formalizó a modo de ingreso bancario”



Non obstante, o devandito informe do 13 de maio do 2022 expresa que o dito contrato asinado o 17.07.2006 co extinto organismo provincial INLUDES non se corresponde co presente contrato porque neste non se esixiu depósito de garantía e a súa data non se corresponde co inicio do presente contrato que foi asinado o 30 de outubro de 2013, polo que non está vinculado ao cumprimento do mesmo nin corresponde a Sección de Patrimonio ningún pronunciamento ao respecto.

Escrito do 13 de setembro de 2022 no que o adxudicatario, don José Ramón Fernández Maseda, solicita que, por tener rescindido el contrato del Area Recreativa Mazo de Santa Comba, se proceda á devolución da fianza por importe de 1.200 € que no seu día depositara ante esta Deputación a cuxos efectos acompaña, entre outros, Carta de Pago por importe de 1.200 € expedida por esta Deputación identificada co número de documento 2013-5044-0, N° Ope Contable 49200, N° Intervención 10945, N° Tesorería 10945 e data de rexistro 08.10.2013.

Neste caso a responsable do contrato, con data do 14 de setembro do 2022 baixo o CSV IV7ASXHZT7OV6F6SZMADZRTCI conclúe que tendo en conta que o citado contrato foi cumprido integramente e de xeito satisfactorio, procedería a cancelación e devolución da dita garantía.

Non consta impedimento pola Intervención Provincial para a devolución da garantía que identifica e cuantificada en 1.200 € no informe do 11.10.2022 baixo o CSV IV7A6D7IFEGOZT7DCJXEL7ZQ4U.

Polo exposto, en virtude do artigo 59.12 do Regulamento Orgánico propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Ter por cumpridas as obrigas contractuais derivadas da explotación da Area Recreativa Mazo de Santa Comba polo adxudicatario Jose Ramón Fernandez Maseda e declarar a correspondente liquidación e finalización do contrato adxudicado por acordo da Xunta de Goberno do 18.10.2013 e que estivo vixente desde o 30 de outubro de 2013 ata o 30 de outubro de 2021 por cumprimento do prazo.

2º.- Aprobar a cancelación e devolución do depósito da garantía vinculada ao contrato de explotación do Mazo de Santa Comba finalizado o 30 de outubro de 2021 a favor de José Ramón Fernández Maseda por importe de 1.200 €.

3º.- Denegar a devolución do depósito da garantía vinculada ao contrato asinado o 17.07.2006 entre José Ramón Fernández Maseda e o extinto organismo provincial INLUDES dado que non está vinculado ao cumprimento do contrato referido no apartado primeiro anterior.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “AS ALDEAS DA MEMORIA”.**

Visto o acordo do Pleno desta Excm. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “As aldeas da memoria”; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que son autores don Nachok e Baldo Ramos, na cantidade de doce euros (12,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excm. Deputación Provincial a cantidade de once euros con cincuenta e catro céntimos (11,54 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

#### **11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES CANALIZADORAS DE SUBVENCÍONS PARA APOIAR A PREVENCIÓN DE INCENDIOS EN TERREOS AGRÍCOLAS E FORESTAIS.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:



“Proposta relativa á aprobación da convocatoria e das Bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2022.

En relación coa convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2022, dende á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitíuse, o 14 de setembro de 2022, informe do seguinte tenor:

“Antecedentes.

Primeiro.- Tal e como reconece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS):

“Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.

(...).

A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.

(...).

Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia.

(...).

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redonda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

Segundo.- En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Decreto do 2 de abril de 2020, o Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 (PES).

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, das finalidades de:

Mantemento da superficie agraria útil e a recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento de roza ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares, que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes.

Apoio directo ás comunidades de montes veciñais en man común.

Fomento do cumprimento da normativa en materia de ordenación dos arboredos e da mellora das superficies forestais.

Apoio ás asociacións para a xestión destas superficies en común.

Redución do risco de incendios forestais por medio de accións que promovan unha maior utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa, tales como as faixas de protección.



Terceiro.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2022, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Cuarto.- Tendo en conta o anterior, por parte da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade promóvese a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a través do Programa de apoio á prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais, mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, para o cal se redactan as súas bases reguladoras, e se elaboran os anexos que constitúen os modelos normalizados de solicitude e xustificación de aquelas.

As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:

“Os impactos ambientais e socioeconómicos dos incendios forestais aumentarán no sur de Europa durante as próximas décadas”. A pesar dos numerosos recursos asignados para a extinción de incendios, esta declaración resume as conclusións e as previsións da investigación publicada sobre este particular en ScienceDirect.

Por iso, é preciso un cambio de paradigma que lle dea prioridade á prevención mediante políticas que impulsen, de igual forma, tanto paisaxes resistentes ao lume como o aproveitamento sostible dos recursos.

Galicia é, sen dúbida, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa, exercendo a provincia de Lugo un papel fundamental como elemento tractor dentro deste sector.

Asemade, os sectores gandeiro e agrícola constitúense en elementos clave no desenvolvemento do territorio e da sociedade.

Con todo, segundo un estudo da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Galicia ostenta a maior densidade de incendios forestais e a maior superficie queimada de Europa. É evidente que a incidencia catastrófica dos incendios forestais no medio rural constitúe un dos elementos centrais da problemática do campo galego contemporáneo e unha grave ameaza para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia en xeral, e da provincia de Lugo en particular.

Ao obxecto de artellar políticas e plans que permitan facer fronte a dita ameaza, é preciso dar atención ás necesidades dos produtores, emprendedores e poboadores do rural, así como ás prácticas levadas a cabo con éxito por eles mesmos e polos nosos antepasados, que contribuíron e contribúen á preservación da nosa riqueza natural ata o día de hoxe.

Neste sentido, os agricultores e pastores galegos poden dar fe de que o pastoreo no bosque axuda a combater os incendios, xa que observan que o comportamento do lume cambia nas zonas onde existe menor densidade de combustible vexetal por ser lugares onde pacían rabaños de diversas especies gandeiras.

Asemade, son moitos os estudos que confirman que os sistemas de silvopastoreo e gandaría extensiva comportan múltiples beneficios fundamentais para os ecosistemas e a prevención de incendios.

Porén, as poboacións dalgúns especies silvestres, coma o lobo, están ocasionando, con máis frecuencia, que os aproveitamentos silvopastorís e a produción gandeira en extensivo se vexan afectados negativamente.

Para evitar estes danos é necesario artellar un conxunto de medidas que faciliten a convivencia da fauna salvaxe cun aproveitamento multifuncional do monte que permite a prevención de incendios forestais.

Tendo en conta que a política de defensa do medio rural contra os incendios, pola súa vital importancia para o país, non pode ser aplicada de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento rural, é preciso o compromiso de todas as administracións, das persoas propietarias de terreos forestais, das agricultoras e agricultores, das comunidades de montes veciñais en man común, das asociacións de veciños, da sociedade do medio rural e, en xeral, do conxunto da cidadanía.

Ademais, a loita contra os incendios no medio rural demanda a existencia dun modelo activo, dinámico e integrado, encadrando nunha lóxica de medio e longo prazo os instrumentos dispoñibles, procurando a organización da xestión de biomasa en zonas estratéxicas, especialmente naquelas declaradas de alto risco de incendio, unido ao tratamento de áreas forestais, nun esquema de intervención, segundo modelos silvícolas previamente establecidos no ámbito das dúas dimensións que se complementan: a defensa de persoas e bens, e a defensa dos montes.

Por outra banda, tamén resulta indispensable ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensificación agroforestal para a defensa do medio rural contra os incendios.





Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para os anos 2020 a 2022, ten por obxectivo estratéxico “contribuír a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais”, e aposta, entre outros obxectivos específicos, por “reducir o risco de incendios forestais por medio de accións que promovan unha mellor utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa”.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural, Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, ponse en marcha, no ano 2022, unha nova edición do Programa “O que non arde”, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que permitan a redución dos niveis de biomasa existente.

Por todo o anterior, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias que esta ten atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, procede á publicación do texto íntegro da convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2022, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obrigatorio polos interesados.”

Consideracións legais e técnicas.

I. Normativa de aplicación.

Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da Ordenanza Xeral de Subvencións da dita entidade, por:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (en adiante, RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en adiante, LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021- (en adiante, OXS).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, TRLRFL).

As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (en adiante, RODPL).

As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

## II. As Bases reguladoras das subvencións.

Consonte ao artigo 2.1 da LXS:

“Enténdese por subvención, aos efectos desta lei, toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
- c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.”



Tendo encaixe neste concepto de subvención as axudas reguladas nas Bases cuxa aprobación se informa, cómpre ter en conta que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na LXS, tal e como establece o artigo 9.2 da dita Lei.

Estes termos, aos que se refire o citado artigo, son, en primeiro lugar, os previstos no apartado 2 do artigo 17 da mesma LXS, consonte ao cal:

“As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.”

A estes efectos, a Deputación de Lugo ven de aprobar recentemente a súa nova Ordenanza Xeral de Subvencións (publicada no BOP de Lugo nº 82, do 13 de abril de 2021).

Con todo, ao meu xuízo, o dito artigo 17.2 da LXS non pode ser interpretado de xeito restritivo, no sentido de que as bases reguladoras das subvencións só poidan adoptar a forma de ordenanza, ben xeral ben específica, e elo polas seguintes razóns:

1) Dada a gran variedade de tipos de subvencións que se outorgan polas entidades locais, derivado da amplitude de actividades e servizos que constitúen a execución das súas competencias, non resulta doado reconducilas todas a unha ordenanza xeral; e o ditado de ordenanzas específicas para cada tipo ou modalidade de subvención pode dar lugar a unha inflación ordenancista.

2) O citado artigo 17.2 da LXS non ten carácter básico, en virtude do establecido na disposición final primeira da dita lei; e a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumidas competencias en materia de réxime local.

Por elo, a redacción do devandito artigo 17.2 da LXS terá que poñerse en relación co establecido no artigo 14.1 da LSG, que establece que “os órganos concedintes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión”.

En definitiva, a especificidade das subvencións a outorgar en execución do Programa “O que non arde” esixe a aprobación dunhas bases reguladoras específicas para aquelas, e que, sen forma de ordenanza, desenvolvan a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, detallando as súas particularidades.

Por outra banda, da conxunción do disposto nos citados artigos 17.2 da LXS e 14.1 da LSG, podemos concluír que as bases reguladoras aplicables á concesión conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición precisa do obxecto da subvención.
- b) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e, no seu caso, dos membros das entidades contempladas no apartado 2 e segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8, prazo e forma de acreditarlos e prazo e forma nos que deben presentarse as solicitudes.
- c) Criterios obxectivos de adxudicación da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
- d) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.
- e) Procedemento de concesión da subvención.
- f) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión e prazo no que será notificada a resolución.
- g) Composición, no seu caso, do órgano colexiado avaliador previsto no artigo 21 da presente lei.
- h) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ou a axuda pública e da aplicación dos fondos percibidos.
- i) No suposto de prever a posibilidade de realizar abonos a conta e anticipados, prazos, modo de pago e réxime particular de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios, así como aquelas outras medidas de garantía a favor dos intereses públicos que poidan considerarse precisas.
- j) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- k) Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



l) No seu caso, condicións de solvencia e eficacia que teñan que reunir as entidades colaboradoras.

m) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

n) Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

o) Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, deberán contemplar a posibilidade de que os interesados fagan constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunhas das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da presente lei.

p) Expresión dos recursos que procedan contra a resolución da concesión, con indicación do órgano administrativo ou xudicial ante o que teñan que presentarse, prazo para interpoñelos e demais requisitos esixidos pola normativa xeral de aplicación.

q) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As Bases obxecto deste informe integran estes extremos, cumprindo, polo tanto, os requisitos legalmente esixidos.

Con todo, é criterio desta entidade o de denominar ás normas reguladoras das subvencións Bases canalizadoras, polo que, as Bases que aquí se informan correspóndese con esa denominación.

### III. Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

En relación coa convocatoria das subvencións, o carácter non básico do Capítulo II do Título I da LXS obriga a ter en conta o establecido no artigo 20 e seguintes da LSG. Consonte ao primeiro:

1. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase de oficio, no caso da concesión en réxime de concorrencia competitiva, (...).

2. A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido neste capítulo e de acordo cos principios da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terá necesariamente o seguinte contido:

a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.

b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.

c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

d) Expresión do réxime en que se efectuará a concesión.

e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.

f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.

h) Prazo de resolución e notificación.

i) Documentos e informacións que deben achegarse á petición.

j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 25 da presente lei.

k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que se interpoñerá recurso de alzada.

l) Criterios de valoración das solicitudes, no seu caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

m) Prazo de xustificación da subvención.

n) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



3. As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, (...).

(...).

5. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixera teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución (...).

No caso que nos ocupa, a convocatoria cumpre estas esixencias, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases reguladoras das subvencións.

#### IV. Requisitos para o outorgamento de subvencións.

Adicionalmente, consonte aos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG, o outorgamento dunha subvención debe cumprir os seguintes requisitos:

“a) A competencia do órgano administrativo concedinte.

b) A existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.

d) A fiscalización previa dos actos de contido económico, no termos previstos no Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

e) A aprobación do gasto polo órgano competente.

Neste senso, a Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2022 establece que “o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.”

No expediente consta certificación, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención, de existencia de saldo suficiente, nas correspondentes aplicacións orzamentarias, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.

En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.

#### V. Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións.

En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexitima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1 da LRBRL, consonte ao cal:

Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...).

a. A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A propia Constitución, no seu artigo 130, fai referencia ao problema que se trata de liquidar a través desta convocatoria de subvencións, ao establecer que:

1. Os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, a fin de equipar o nivel de vida de todos os españois.

2. Co mesmo fin, dispensarase un tratamento especial ás zonas de montaña.





Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, establece, no seu artigo 2, como obxectivos xerais da mesma, entre outros:

a) Manter e ampliar a base económica do medio rural mediante a preservación de actividades competitivas e multifuncionais, e a diversificación da súa economía coa incorporación de novas actividades compatibles cun desenvolvemento sostible.

(...).

c) Conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que permitan a súa utilización compatible co desenvolvemento sostible.

2. En particular, as políticas de desenvolvemento rural sostible das Administracións Públicas que se deriven desta Lei deberán orientarse á consecución dos obxectivos seguintes:

(...).

e) Lograr un alto nivel de calidade ambiental no medio rural, prevendo o deterioro do patrimonio natural, da paisaxe e da biodiversidade, ou facilitando a súa recuperación, mediante a ordenación integrada do uso do territorio para diferentes actividades, a mellora da planificación e da xestión dos recursos naturais e a redución da contaminación nas zonas rurais.

Asemade, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece, no seu artigo 8, que “as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medio materiais, económicos e humanos á súa disposición nos termos da presente lei.”

VI. Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa.

A Base 5 das reguladoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.

No que á xustificación das súas contías se refire, cómpre ter en conta o seguinte:

#### 1. Actuacións incluídas no Eixo 1, liña a):

Tendo en conta os prezos de mercado de pastores eléctricos, baterías, mallas electrificadas e demais elementos integrantes dos sistemas de peche precisos para o axeitado manexo do gando no exterior, así como o tamaño medio e as características territoriais das explotacións gandeiras que levan a cabo o aproveitamento multifuncional do monte con especies gandeiras na provincia de Lugo, dende este centro xestor estímase que unha contía de 2.500 € por explotación servirá para que cada unha delas poida cubrir as necesidades financeiras anuais derivadas do establecemento de sistemas eficaces que permitan levar a cabo a xestión da biomasa do monte e, asemade, protexer ao gando dos ataques do lobo e doutra fauna salvaxe, permitindo aos gandeiros levar a cabo unha correcta rotación e manexo da súa cabana en extensivo.

Deste xeito, contemplouse a necesidade de implantar ou manter en bo estado funcional, polo menos, un curro por explotación en extensivo, para o que é preciso dispor de peches fixos e elementos estruturais de unión dos mesmos, así como de sistemas de alimentación ao obxecto de electrificar os valados integrantes do mesmo.

Asemade, ao obxecto de implantar un axeitado sistema rotacional, precísanse mallas e elementos de unión que deben ser electrificados. Por iso é necesario adquirir elementos constituíntes dos novos peches electrificados ou para o mantemento dos xa existentes.

#### 2. Actuacións incluídas no Eixo 1, liña b):

A liña b) do Eixo 1 está dirixida á innovación dos peches e infraestruturas de manexo para o aproveitamento multifuncional do monte. Por esta razón, ademais dos custes dos materias empregados nos elementos integradores dos peches e doutros elementos necesarios para o axeitado manexo da cabana (que son aos que se destinan os fondos da liña a), é preciso incorporar a partida de deseño e asesoramento técnico.

A realidade actual é que non existen técnicas de peche que permitan facer un aproveitamento silvopastoril óptimo das zonas forestais, as cales teñen un gran potencial de aproveitamento dos recursos naturais. Nestas zonas, os estudos levados a cabo a nivel mundial



aconsellan un sistema mixto, con coexistencia de especies de gando maior e de gando menor, ao obxecto de producirse un mellor aproveitamento dos recursos. Por elo, os sistemas de peches empregados deben presentar unha evolución técnica non existente na actualidade no mercado, ao obxecto dunha eficaz protección contra a fauna salvaxe.

Aínda que os custos de deseño e implantación dun sistema de peches que permita un óptimo aproveitamento multifuncional do monte con sistemas mixtos superan con creces o importe de 5.000 euros, con esta liña de axudas preténdese colaborar con aqueles que pretendan e precisen innovar e superar as limitacións existentes nos sistemas de peches existentes no mercado.

Esta achega pode ser o comezo dunha formulación que poida ter un percorrido de continuidade e consolidación nos anos vindeiros, polo que contribuirá a potenciar a innovación, ao conectar aos técnicos na materia coa realidade que afrontan os gandeiros. Así, preténdese sufragar unha parte da partida técnica, a unha parte da construción de elementos innovadores que poidan ser incorporados aos sistemas de peches.

### 3. Actuación incluídas no Eixo 2:

No caso das actuacións subvencionables incluídas neste Eixo, estimamos que o aproveitamento silvopastoril precisa dun asesoramento integral que vaia máis aló do mero rendemento económico das explotacións, permitindo aos gandeiros ver máis aló e contribuir á sustentabilidade do medio rural provincial.

Tendo en conta que o custo de organización de xornadas técnicas ou de asesoramento, por parte de técnicos competentes na materia, dende este centro xestor estímase que unha axuda de 4.000 € permitirá ás asociacións e/ou federacións de produtores de gando cabrún, ovino ou porcino potenciar ou establecer un programa de formación e asesoramento eficaz, orientado ao fomento do silvopastoreo preventivo e darlles continuidade ás prácticas gandeiras que impliquen o aproveitamento multifuncional do monte e o fomento do silvopastoreo como medida preventiva dos incendios forestais.

Claro está, esta axuda non pretende ser unha resposta integral á necesidade dun programa formativo por parte das asociacións, pero si que contribuirá a que os conceptos anteriores pasen a formar parte do mesmo. Os prezos de mercado en materia de formación e asesoramento técnico aconsellan establecer o importe sinalado neste eixo.

Polo exposto, informo favorablemente:

1º.- A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais, mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2022, dotado con 60.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2022.

2º.- A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.

3º.- A aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.

4º.- A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación.”

5º.- A aprobación do gasto, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

44.000 €, con cargo á AO 4190.789.

16.000 €, con cargo á AO 4190.48900, ambas do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.”

No expediente consta, ademais, informes favorables do Servizo de Contratación e Fomento, do 19 de setembro e do 19 de outubro de 2022, sobre as bases e os modelos de solicitude e xustificación que rexerán a convocatoria, en réxime do concorrencia competitiva, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais, mediante o fomento de boas prácticas de



silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2022.

Á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención fiscalizou favorablemente o expediente o 20 de outubro de 2022.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes Acordos:

**1º.-** Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais, mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2022, dotado con 60.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2022.

**2º.-** Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.

**3º.-** Aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.

**4º.-** A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación.

**5º.-** A aprobación do gasto, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

44.000 €, con cargo á AO 4190.789.

16.000 €, con cargo á AO 4190.48900, ambas do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022. ”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de mil novecentos corenta e oito euros (1948,00 €) a Quiroga Fútbol Club para Fútbol; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial de data 22 de outubro de 2021, polo que se resolve o procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, ano 2021, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.138, do sábado 19 de xuño de 2021, emítese o seguinte,

Informe:

Primeiro. Que o Quiroga Fútbol Club presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 30/03/2022 23:40:56 e numero de expediente 2022/PES\_03/006090 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2021, concedida para Fútbol, por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de outubro de 2021.

Segundo. Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2021, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da



Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 11 de xuño de 2021, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Anexo I: Instancia de conta xustificativa.

Anexo II: Memoria de actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade e dos resultados obtidos.

Cadro de importes de financiamento.

Declaración do custo total da actividade subvencionada.

Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

Anexo III: Declaración responsable relativa a:

I. Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

II. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

III. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

IV. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

V. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

VI. Que o beneficiario ao que represento:

asumió o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

non asumí o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VII. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Anexo IV (actividade competitiva/eventos).

Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Outra documentación.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos) afectados á Deputación:

Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto de xustificantes comprobarase unha mostra que polo menos supoña a seguinte porcentaxe en función do número de xustificantes:

Menor ou igual a 10, 10%.

Entre 10 e 30, o 5%.

Superior a 30, o 2%.

Para os efectos de presentación e acreditación de facturas, xunto co resto da documentación xustificativa esixida nas respectivas bases da convocatoria, os beneficiario deberá formular escaneo das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos.

Soamente terán que presentar os xustificantes de gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto do contido das facturas, as mesmas deberán recoller o establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.





No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores:

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e da financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data .....", asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Só se terán que presentar os xustificantes de pagamento das facturas imputadas á subvención da Deputación de Lugo.

En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00

euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro. Que revisada a documentación xustificativa, con data 22/04/2022 11:08:39 e número de rexistro de saída 2022RPS005232, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

Anexo IV Relación clasificada e imputación de gastos.

Na relación de gastos non aparecen os gastos de arbitraje, polo que deberá engadilos. Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o Anexo I e II, puntos II e III.

A data de pagamento dos boletíns de mutualidade é incorrecta (16/09/2021).

Nos boletíns de mutualidade a base é a mesma que o total.

No concepto da factura de Ranking SL de 117,04 € indicase “material deportivo”, debe indicar unha breve descrición.

Na columna de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.

Non se relacionan todos os boletíns de mutualidade.

Anexo I Instancia.

Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o custo total.

O importe solicitado é incorrecto (2000 €).



Anexo II Memoria xustificativa.

Logo de modificar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III.

Boletíns de mutualidade.

Non se acredita correctamente o pagamento dos gastos de mutualidade (boletíns 2811 €, pagamento 2800 €), deberá achegar todos os comprobantes de pago.

Cuarto. Que consta recepción electrónica do referido requirimento asinada por parte do beneficiario de data 29/04/2022 12:38:01.

Quinto. Que con data 03/05/2022 19:56:44 e número de expediente 2022/PES\_03/006090, e por tanto dentro do prazo de 10 días previsto no anteriormente referido requirimento, a entidade Quiroga Fútbol Club presentou escrito e documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado.

Sexto. Vista a documentación presentada polo beneficiario con relación ás indicacións reflectidas no respectivo requirimento e formulada no referido expediente 2022/PES\_03/006090, detéctase que non se emendan as deficiencias observadas e comunicadas e relativas a:

No relativo á relación clasificada de gastos non se relacionan todos os boletíns de mutualidade.

Non se incorporan os gastos de arbitraje.

Non se acredita correctamente o pagamento dos gastos de mutualidade.

Sétimo. Que con data 24/08/2022 14:35 e numero de rexistro de saída 2022RPS011152 procedeuse a comunicarlle ao beneficiario, á vista do exposto do determinado nas bases da convocatoria, o inicio do procedemento previsto para a declaración de perda de dereito, co respectivo tramite de audiencia previo e por tanto a apertura do prazo previsto para alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considerase pertinentes, de acordo co sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e do que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 01/09/2022 09:40:09.

Oitavo. Que transcorrido o prazo determinado para o tramite de audiencia, non consta no servizo de Deportes a presentación de documentación e/ou alegacións polo beneficiario Quiroga Fútbol Club.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Quiroga Fútbol Club por importe de mil novecentos corenta e oito euros (1948,00 €) para Fútbol, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 22 de outubro de 2021, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2021, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.138, do sábado 19 de xuño de 2021.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 22 de outubro de 2021, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2021, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.138, do sábado 19 de xuño de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **13.- PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN NA SITUACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS DUNHA FUNCIONARIA.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“A funcionaria de carreira e titular do posto Técnica de Relacións Interadministrativas da Deputación Provincial de Lugo, Dona Margarita López Blanco, comunica, mediante escrito, de 10 de outubro do 2022, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Entidade Provincial (nº 2022RPE017855) o 13 de outubro 2022, que foi elixida polo Pleno do Parlamento de Galicia como membro do Consello de Administración da Corporación Radio Televisión de Galicia.

Achega co seu escrito resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 5 de outubro 2022, onde se resolve: “1 – Declarar na situación de servizos especiais a Margarita López Blanco, con DNI \*\*\*2032\*\*, funcionaria do corpo Técnico de Relacións Interadministrativas da Deputación Provincial de Lugo, con efectos do día 19 de xullo de 2022. (...)”.

No citado escrito dona Margarita López Blanco, comunica o seguinte: “1.- O Pleno do Parlamento de Galicia nomeoume conselleira do Consello de Administración da Corporación da Radio e Televisión de Galicia SA. 2.- Como consecuencia de dito nomeamento, a Dirección Xeral da Función Pública resolveu declararme na situación de servizos especiais. 3.- Como funcionaria de carreira da Deputación Provincial de Lugo, comunícolle este nomeamento e achégolle copia íntegra da dita resolución, para todos os efectos que resulten oportunos”.

Á vista do informe do Servizo de Recursos Humanos no que, trala análise técnico xurídica das características do cargo para o que foi elixida e das disposicións legais aplicables, conclúe:

“1. A Corporación RTVG, por expresa determinación legal (Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia) ten a encomenda de xestionar o servizo público autonómico de comunicación audiovisual declarado como servizo esencial de interese económico xeral polo Parlamento de Galicia.

2. A Corporación RTVG, pola súa natureza e réxime xurídico, está integrada no sector público autonómico de Galicia e rexe o seu funcionamento, ademais de pola Lei sinalada no parágrafo anterior, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. Os sete membros do consello de administración, máximo órgano de administración e control da citada Corporación no cumprimento da encomenda do Parlamento de Galicia, en materia de medios audiovisuais, son elixidos e removidos, mediante un procedemento taxado que esixe un

quorum reforzado de maioría cualificada do Parlamento Galego e están sometidos a un réxime de dedicación e de incompatibilidades que, conforme ao establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que lles outorga idéntico tratamento que aos altos cargos da Administración Autonómica.

4. Analizada a lexislación básica estatal e galega de función pública aplicable, a funcionaria de carreira da Deputación Provincial de Lugo, Dona Margarita López Blanco, que foi elixida polo Parlamento de Galicia para formar parte do Consello de Administración da Corporación RTVG, debe ser declarada en situación administrativa de Servizos Especiais, coas consecuencias legais da dita declaración, en canto a retribucións, seguridade social, reserva de posto e condicións de reingreso; con efectividade do día 19 de xullo 2022, data na que o Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. acorda o nomeamento da funcionaria como membro deste Consello”.

Considerando o establecido no artigo 140.2 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), que sinala que as situacións administrativas dos funcionarios de carreira da Administración Local “regularanse pola normativa básica estatal e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios da Administración do Estado, téndose en conta as peculiaridades do réxime local”; no artigo 87.1 h) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) sinálase que os funcionarios de carreira serán declarados en situación de servizos especiais: “cando sexan elixidos ou designados para formar parte dos Órganos Constitucionais ou dos Órganos Estatutarios das Comunidades Autónomas ou outros (órganos) cuxa elección corresponda ao Congreso dos Deputados, ao Senado ou ás Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas”; e no artigo 167. h) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, sinálase: “O persoal funcionario de carreira será declarado en situación de servizos especiais: (...) h) Cando sexa elixido ou designado para formar parte dos órganos constitucionais, dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou das demais comunidades autónomas, ou doutros en que a elección corresponda ao Congreso dos Deputados, ao Senado, ao Parlamento de Galicia ou ás asembleas lexislativas das demais comunidades autónomas. No suposto do Consello da Cultura Galega, a situación de servizos especiais corresponderalle unicamente ao presidente do órgano, de ser o caso. (...)”.



Tendo en conta canto antecede, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 56, de 10 de marzo do 2011), á Xunta de Goberno, adopte o seguinte acordo:

Declarar a Dona Margarita López Blanco, funcionaria de carreira da Deputación Provincial de Lugo, na situación administrativa de servizos especiais, con efectividade do día 19 de xullo 2022, ao tomar posesión do seu cargo de membro do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, trala súa elección para dito cargo polo Parlamento de Galicia, cos efectos e garantías derivados da citada declaración e que se sinalan nos artigos 167 e 168 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUNHA FUNCIONARIA PROVINCIAL ATA O 31 DE XULLO DE 2023.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona María Elvira Tuñas Dugnol, nacida o 28 de outubro de 1957, funcionaria de carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de Xefe/a Sección III Inventario Xeral, presentou escrito, dirixido á Presidencia desta Entidade, no que solicita a prolongación de permanencia no servizo activo.

Vistas as propostas formuladas polo Sr. Secretario Xeral, conformadas polo Presidente, por delegación, nas que se xustifica e motiva a necesidade da citada prolongación no servizo activo, ata o día 31 de xullo de 2023.

Consideracións legais e técnicas.

A Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V.

Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións legislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguridade Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.





c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2020 a 30 de novembro do 2021) ten acadado unha valoración de Superior; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, a citada funcionaria asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificable no seu expediente persoal.

Á vista de canto antecede, tendo en conta os informes dos servizos, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP número 056, do 10 de marzo de 2011, acorde:

Acceder a á pretensión da funcionaria de carreira, Dona María Elvira Tuñas Dugnot, de prolongar a permanencia no servizo activo, e tendo en conta a proposta do servizo, dende o 29 de outubro de 2022 ata o 31 de xullo de 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.